

XXXI edición da homenaxe

“O escritor na súa terra – Letra E”

Santiago de Compostela / 14 de xuño de 2025

XOSÉ
MANUEL
BEIRAS

A Homenaxe *O/A Escritor/a na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXXI edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Xosé Manuel Beiras, que elixiu ser homenaxeado en Santiago de Compostela.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de tres décadas como unha celebración na que a terra de acollida do homenaxeado ten unha presenza fundamental. É vontade da AELG honrar escritoras e escritores procurando o contacto directo co autor e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica de Silverio Rivas), a plantación dun teixo, árbore simbólica elixida polo autor, e a colocación dun monólito conmemorativo.



ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTE GALARDÓN

I Edición ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCO 1995 • Boa, Taramancos	XVI Edición MARILAR ALEXANDRE 2010 • Santiago
II Edición BERNARDINO GRAÑA 1996 • Cangas do Morrazo	XVII Edición PACO MARTÍN 2011 • Lugo
III Edición MANUEL MARÍA 1997 • Outeiro de Rei	XVIII Edición XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS 2012 • Ribadeo
IV Edición MARÍA XOSÉ QUEIZÁN 1998 • Vigo	XIX Edición MARICA CAMPO 2013 • O Incio
V Edición XOSÉ NEIRA VILAS 1999 • Gres, Vila de Cruces	XX Edición XABIER P. DOCAMPO 2014 • Castro Ribeiras de Lea
VI Edición UXÍO NOVONEYRA (póstumo) 2000 • Parada do Courel	XXI Edición XOSÉ Mª ÁLVAREZ CACCAMO 2015 • Vilaboa
VII Edición LUZ POZO GARZA 2001 • Ribadeo	XXII Edición HELENA VILLAR JANEIRO 2016 • Rianxo
VIII Edición XOSÉ CHAO REGO 2002 • Vilalba	XXIII Edición MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO 2017 • Lugo
IX Edición XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO 2003 • Nogueira de Ramuín	XXIV Edición NACHO TAIBO 2018 • Oleiros
X Edición SALVADOR GARCÍA-BODAÑO 2004 • Teis, Vigo	XXV Edición PILAR PALLARÉS 2019 • A Coruña
XI Edición PURA E DORA VÁZQUEZ 2005 • Ourense	XXVI Edición VÍTOR VAQUEIRO 2020 • Santiago
XII Edición MARÍA DO CARME KRUCKENBERG 2006 • Vigo	XXVII Edición CONCHA BLANCO 2021 • Cee
XIII Edición MANUEL LORENZO 2007 • O Valadouro	XXVIII Edición XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA 2022 • A Estrada
XIV Edición XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR 2008 • Melide	XXIX Edición FINA CASALDERREY 2023 • Pontevedra
XV Edición AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ 2009 • Vilalba	XXX Edición EULOXIO R. RUIBAL 2024 • Santiago de Compostela

11.30 Parque de Galeras (Santiago de Compostela)

Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación da árbore escollida polo autor

Interveñen:

- Goretti Sanmartín, Alcaldía do concello de Santiago de Compostela
- Cesáreo Sánchez, Presidencia da AELG
- Xosé Manuel Beiras

12.30 Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

(Rúa Valle Inclán, 2)

Acto de entrega da “Letra E”

Interveñen:

- Goretti Sanmartín, Alcaldía do Concello de Santiago
- Beatriz Maceda Abeleira, Vicepresidencia da AELG
- Cesáreo Sánchez, Presidencia da AELG
- *Laudatio* do autor, Miguel Anxo Fernán-Vello
- Entrega da peza escultórica, elaborada por Silverio Rivas
- Xosé Manuel Beiras: intervención do homenaxeado. Resposta á *laudatio*

14.30 Xantar de confraternidade

A Nave de Vidán (Avenida Mestra Victoria Míguez, 44)

As persoas interesadas no xantar deberán anotarse previamente no correo electrónico oficina@aelg.org, indicando o seu nome, apelidos e número de teléfono.



O QR de Google Maps indica o traxecto entre estes lugares

Santiago de Compostela / 14 de xuño de 2025

Xosé Manuel Beiras ten desenvolto ao longo da súa ampla traxectoria unha relevante achega ao mundo da escrita, tanto no ensaio como na tradución, que permite completar o seu legado como unha das figuras máis relevantes do proxecto plural e diverso, sempre en marcha, da Galiza.


Nas súas palabras: “(...) non se trata de que soñe unha Galiza cualitativamente mui diferente da Galiza que eu levo incorporado na miña propia existencia. Non se trata de converter Galiza nunha realidade que hoxe aínda non existe. Trata-se simplemente de que sexa normal aquilo que nós temos vivido constantemente como anómalo e como anormal. (...)”

Eu sempre digo que, en definitiva, Galiza ten que ser aquilo que realmente é no fondo do seu ser ou na súa propia entraña, no seu cerne non só mais profundo, senón no seu cerne máis xenuíno. (...) E eu coido que iso está perfectamente ao alcance da man deste pobo como tal pobo, o que non significa, polo tanto, que estexa necesariamente ao alcance da man dunha xeración como pode ser a miña.” (A nación incesante).

XXXI edición da homenaxe

“O escritor na súa terra – Letra E”

Santiago de Compostela / 14 de xuño de 2025



XOSÉ
MANUEL
BEIRAS

XXXI edición da homenaxe
“O escritor
na súa terra - Letra E”

Santiago de Compostela / 14 de xuño de 2025

